



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO NO FINANCIAMENTO DE RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coas universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o financiamento das accións que supoñen a xestión dos recursos de información necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos do persoal investigador e do persoal docente das universidades do SUG por medio das bibliotecas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que as adquisicións de recursos electrónicos por parte das universidades adoita realizarse a través de licenzas de acceso a coleccións completas ou partes, favorecendo a cooperación entre as bibliotecas universitarias, mellorando a eficacia grazas á unión de institucións co fin de optimizar os recursos comúns e rendibilizar as inversións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

